



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE SAN AMARO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CUADRAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DE EQUINOTERAPIA NA HÍPICA DO CONCELLO DE SAN AMARO

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de San Amaro o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de San Amaro para o financiamento das obras de construción de cuadras para a implementación do servizo de equinoterapia na hípica do Concello de San Amaro, co fin de posibilitar unha adecuada atención ás persoas que precisan facer uso deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de San Amaro, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, por medio de convenio asinado o 15.10.2024, conta cunha hípica, situada no interior da parcela do antigo campo de fútbol de San Amaro, na que pretende





implementar o servizo de equinoterapia co fin de dar resposta a unha demanda social, ao non existir ningún servizo desta índole na comarca, e coa que se busca mellorar a calidade de vida de persoas con dificultades, tales como trastornos psicolóxicos, de linguaxe ou de aprendizaxe, ou con problemas de marxinación ou inadaptación social.

Co fin de posibilitar o establecemento do servizo de equinoterapia nas instalacións da hípica do Concello de San Amaro, resulta necesario acometer as obras necesarias para a construción de cuadras nas referidas instalacións, e posto que o Concello de San Amaro non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo o investimento necesario para acometer as obras descritas, solicitou a colaboración do Consorcio para contribuír ao seu financiamento.

Xa que logo, co fin de acometer as obras descritas e tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para a súa realización, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o seu financiamento, que permitirá ao Concello de San Amaro a implementación do servizo de equinoterapia nas instalacións da hípica deste concello, dando así resposta ás necesidades de persoas con dificultades (psicolóxicas, de linguaxe, aprendizaxe, marxinación ou inadaptación social) que precisan deste servizo para mellorar a súa calidade de vida.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público en colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de implementar o servizo de equinoterapia na hípica do Concello de San Amaro, co fin de posibilitar unha adecuada atención ás persoas con dificultades que precisan facer uso deste servizo, mellorando así a súa calidade de vida, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento da actuación descrita, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de San Amaro para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 50.000 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.





O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

